

II CAMPAÑA PROVINCIAL DE **COMPOSTAXE DOMÉSTICA**

Requisitos de participación

- Ter a túa primeira residencia en calquera dos concellos da provincia de Ourense (agás Ourense cidade).
- Non ter participado en campañas anteriores de fomento da compostaxe doméstica promovidas pola Deputación de Ourense.
- Ter un mínimo de 50 m² de horta ou xardín.
- O teu compromiso de estar presente na túa casa durante as 2 visitas previstas nesta campaña. Na 1ª visita faremosche entrega do composteiro e un manual de uso.

Vantaxes por participar

- Composteiro e asesoramento para uso de balde.
- Obterás un fertilizante de calidade sen apenas esforzo.
- Contribuirás ao coidado do medio ambiente.

Consegue o teu propio fertilizante, tendo en conta os seguintes consellos:

1 A situación:

Escolle o mellor lugar posible dentro da túa parcela, para unicar o composteiro. Ten que ser un lugar accesible, que teña algo de sombra e que estea en contacto co chan.

2 O composteiro:

No que depositarás os restos orgánicos do fogar, e tamén os refugallos do xardín e/ou da horta. Facilitarémosche un sen custe pola túa participación.

3 A ferramenta:

Precisarás unha pequena ferramenta para remover e airear os materiais que están no composteiro. Tamén precisarás unha pa para retirar o compost maduro.

4 A auga:

Sempre que sexa preciso deberás humedecer o interior do composteiro para asegurar o éxito do proceso.



INSCRÍBETE

Comproba por ti mesmo/a o sinxelo que é obter uns resultados espectaculares cos restos orgánicos do teu fogar.

Para participar nesta campaña só tes que **cubrir o seguinte formulario e entregalo no teu concello.**

Nome e apelidos

Enderezo

Teléfono

Correo electrónico (se o tes)

Contas coa superficie mínima para participar? SI NON

Participaches antes en campañas coma esta? SI NON

Sinatura

Sabes por que é tan beneficiosa a compostaxe?

Obtés un fertilizante de alta calidade, mellor que moitos dos que estás acostumado/a a comprar.

Axudas a mellorar o tratamento de residuos orgánicos, xa que no teu fogar haberá unha redución case total deles.

O compost que obtes pódolo empregar coma fertilizante e tamén para mellorar a terra da túa horta ou xardín.

Contribúes a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro, axudando así a previr a Mundanza Climática.

Devolves á terra materia orgánica rica en nutrientes.

Non perdas a oportunidade de conseguir o teu propio fertilizante de calidade

Máis información:
depourensecomposta@depourense.es
988 317 687


depourensecomposta

II CAMPAÑA PROVINCIAL DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA

Aprende a sacar proveito do teu lixo orgánico

Inscríbete no teu concello*
ata o 10 /02/2022



*A campaña engloba todos os concellos da provincia agás Ourense cidade.